

09Proxección internacional e mobilidade

Nesta memoria preséntanse as seguintes cifras:

- a) De mobilidade internacional da UDC, cuxa xestión correspóndelle á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).
- b) Dos programas de acollida.
- c) Dos convenios e programas de cooperación internacional.

- d) Doutras actividades de difusión que se programaron no ano 2011 dende a ORI.

A mobilidade total e real de estudantes no curso anterior 2009-2010 foi de 843 (dos 938 que constan na Memoria do Reitor 2010 é preciso restar 95 previstos, pertencentes ao programa Leonardo, que non chegaron a realizar as suas estadías). Aínda así, a mobilidade real incrementouse nun 2,37 %.

Mobilidade de estudantes

Programa	Saíntes	Entrantes
ANUIES-CRUE	4	9
Bilateral	31	33
Erasmus estudos	451	293
Erasmus Mundus	-	3
EU Articulation Scheme	8	-
Programa Visitantes	1	6
MAEC-AECI	-	6
Erasmus Prácticas	16	1
AECID	-	1
Total	511	352
Mobilidade total	863	

Cadro 168 Mobilidade de estudantes no curso 2010-2011

País	Alumnos/as
Italia	119
Francia	36
Polonia	34
Brasil	24
Alemaña	21
Romania	14
Chipre	12
México	12
Hungría	11
Austria	9
Portugal	8
EE UU	7
Bélxica	6
Eslovaquia	6
Finlandia	6
República Checa	5
Holanda	4
Arxentina	3
Eslovenia	3
Bulgaria	2
Chile	2
Rusia	2
Turquía	2
China	1
Guinea Ecuatorial	1
Honduras	1
Uruguai	1
Total	352

Cadro 169 **Estudiantes entrantes na UDC por países de procedencia en 2010-2011**

Centro	Alumnos/as
Facultade de Economía e Empresa	66
Facultade de Filoloxía	64
Facultade de Dereito	48
Escola Técnica Superior de Arquitectura	36
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	27
Facultade de Ciencias da Comunicación	15
Facultade de Ciencias	14
ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	13
Facultade de Informática	12
Facultade de Socioloxía	12
Facultade de Humanidades	9
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	8
Facultade de Ciencias da Educación	7
Escola Universitaria de Fisioterapia	5
Escola Universitaria de Turismo	5
Escola Politécnica Superior	4
Escola Universitaria de Deseño Industrial	2
Escola Universitaria Politécnica	2
Escola Universitaria de Enfermería	1
Escola Universitaria de Relacións Laborais	1
Facultade de Ciencias da Saúde	1
Total	352

Cadro 170 Centro de destino dos estudantes entrantes no curso 2010-2011

País	Alumnos/as
Alemania	34
Austria	9
Bélgica	19
Brasil	19
Chile	8
Chipre	6
Cuba	4
Dinamarca	10
Eslovaquia	5
Eslovenia	2
Estonia	1
Finlandia	8
Francia	38
Hungría	11
Irlanda	5
Italia	153
Letonia	2
Lituania	1
México	5
Noruega	9
Holanda	2
Polonia	39
Portugal	78
Reino Unido	25
República Checa	4
Romania	9
Suecia	5
Total	511

Cadro 171 Países de destino dos estudantes saíntes en 2010-2011


Centro	Alumnos/as
Facultade de Ciencias	25
Facultade de Economía e Empresa	44
Facultade de Dereito	40
Facultade de Filoloxía	22
Facultade de Informática	31
Facultade de Socioloxía	17
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	51
Fac. de Dereito e Fac. Economía e Empresa (titulación simultánea)	28
ETS de Arquitectura	67
ETS de Náutica e Máquinas	6
ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	78
EU de Estudos Empresariais	8
EU de Fisioterapia	3
Facultade de Ciencias da Educación	8
EU de Relacións Laborais	2
EU de Turismo	22
EU de Arquitectura Técnica	17
Facultade de Humanidades	1
Escola Politécnica Superior	11
Escola Universitaria Politécnica	25
EU de Deseño Industrial	5
Total	511

Cadro 172 **Estudiantes saíntes en 2010-2011 por centros**

Programas europeos




Cadro 173 Evolución da mobilidade de estudantes. Erasmus saíntes




Cadro 174 Evolución da mobilidade de estudantes. Erasmus entrantes

Programas bilaterais



Cadro 175 Evolución da mobilidade de estudantes saíntes por convenios bilaterais



Cadro 176 Evolución da mobilidade de estudantes entrantes por convenios bilaterais

A Oficina de Relacións Internacionais preparou os programas de acollida para estudantes de intercambio. Participaron un total de 91 estudantes. O ano anterior este programa tivera unha participación de 42 estudantes.

Así mesmo, a ORI xestiona os Proxectos de Cooperación Iberoamericana. Presentáronse 13 solicitudes e

realizáronse 4 novos proxectos en 2011. A Universidade ofertou o financiamento dos estudos de mestrado de 10 estudantes iberoamericanos cun programa de bolsas propio.

A 31 de decembro de 2011 estaban vixentes 265 convenios.

Novos convenios e ampliacións do Erasmus	80
Non pertencentes ao programa Erasmus	36
Total	116

Cadro 177 **Convenios internacionais de nova sinatura**

A Universidade da Coruña estivo presente en NA-FSA 2011, a conferencia de internacionalización da educación máis importante do mundo. Do mesmo xeito, participou na EAIE 2011, en Copenhague, a feira de internacionalización máis importante de Europa.

Por último, cómpre mencionar a participación da UDC en Europosgrados 2011 Arxentina e Colombia, as dúas feiras de posgrao máis importantes de Iberoamérica. A estas feiras acudíuse xunto coas outras dúas universidades galegas e baixo o paraugas común da entidade Universia.es.

Mobilidade do profesorado


A mobilidade total do PDI no curso anterior 2010/2011 foi de 75, según consta na Memoria do Reitor 2010. Este curso a mobilidade de PDI é de 90, o que supón un incremento do 20%.

Programa	Saíntes	Entrantes
Axudas á internacionalización	22	5
Erasmus con fins docentes (STA)	31	19
Erasmus con fins de formación (STT-PDI)	1	0
Erasmus con fins de formación (STT-PAS)	2	6
Organización da Mobilidade Erasmus	4	-
Total	60	30
Mobilidade total	90	


Cadro 178 **Mobilidade do PDI en 2010-2011**




Cadro 179 Evolución da mobilidade de profesores Erasmus e bilaterais saíntes



Cadro 180 Evolución da mobilidade de profesores Erasmus e bilaterais entrantes



Cadro 181 Evolución dos PDI Erasmus
STA saíntes



Cadro 182 Evolución dos PDI Erasmus
STA entrantes

N.º de estadias	Organismo de procedencia	País de orixe	Duración
1	ETS de Arquitectura da Universidad de Málaga	España	17 días
1	Facultade de Arquitectura da Technische Universität München	Alemaña	16 días
1	Instituto de Química Física Rocasolano (CSIC)	España	1 mes
1	Instituto Superior Politécnico José Antonio Echeverría	Cuba	1 mes
1	Max Planck Institut	Alemaña	1 mes
1	Pontificia Universidad Católica del Perú	Perú	1 mes
1	Stanford University	EEUU	22 días
1	The Agricultural Research Organization. Volcani Center	Israel	29 días
1	Universidad Abierta Interamericana	Argentina	17 días
1	Universidad Autónoma de Madrid	España	17 días
1	Universidad Católica de la Santísima Concepción	Chile	1 mes
1	Universidad de Buenos Aires	Argentina	1 mes
1	Universidad de Colombia	Colombia	1 mes
1	Universidad de Murcia	España	18 días
1	Universidad de Salamanca	España	1 mes
1	Universidad Simón Bolívar	Venezuela	16 días
1	Universidade de Jaén	España	15 días
1	Universidade Eduardo Mondlane	Mozambique	17 días
1	Universidade Estadual de Campinas	Brasil	1 mes
1	Universidade Estadual de Campinas	Brasil	16 días
1	Universitat Rovira i Virgili	España	15 días

Cadro 183 Axudas da UDC para estadias do profesorado fóra de Galicia 2010-2011

N.º de estadias	Organismo de procedencia	País de orixe	Duración
Mestrado Universitario en Química Ambiental e Fundamental			
1	Service Central d'Analyse du CNRS	Francia	1 semana
1	Universidad Complutense de Madrid	España	1 semana
1	Università degli Studi di Padova	Italia	1 semana
Mestrado Universitario en Intervención Logopédica na Infancia e na Adolescencia			
1	Universidad de Salamanca	España	1 semana
Mestrado Universitario en Enxeñaría de Sistema Informáticos			
1	Georgia Institute of Technology	EEUU	1 semana
1	Instituto de Neurobiología Ramón y Cajal	España	1 semana
1	Instituto Superior de Engenharia de Coimbra	Portugal	2 semanas
1	University of Houston	EEUU	1 semana
Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial			
1	Gabinete para a Resolução Alternativa de Litígios	Portugal	1 semana
1	Tribunal de Justicia de la Comunidades Europeas	Luxemburgo	1 semana
1	Universidad Autónoma de Madrid	España	1 semana
1	Universidad de Alcalá de Henares	España	1 semana
1	Universidad de Navarra	España	1 semana
1	Universidad de Salamanca	España	1 semana
1	Universidad de Valladolid	España	1 semana
1	Universidad Diego Portales	Chile	1 semana
1	Universidade do Minho	Portugal	1 semana
1	Università degli Studi di Perugia	Italia	1 semana
1	Università degli Studi di Trieste	Italia	1 semana
1	Universitat Pompeu i Fabra	España	1 semana

Cadro 184 Estadias na UDC de profesorado visitante con financiamento do Ministerio de Educación en 2010-2011 (segue)

N.º de estadías	Organismo de procedencia	País de orixe	Duración
Mestrado Universitario en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea			
1	Organización Mundial del Comercio	Suiza	1 semana
1	Universidad de Cadiz	España	1 semana
1	Universidade do Minho	Portugal	1 semana
1	Universidad de Castilla-La Mancha	España	1 semana
Mestrado Universitario en Migracións Internacionais, Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural			
1	CIDALIA. Consultoría en Diversidad	España	1 semana
1	Instituto Latinoamericano de Altos Estudios Sociales	Chile	1 semana
1	Universidade de Lisboa	Portugal	1 semana
1	Università degli Studi di Foggia	Italia	1 semana
1	Université de Poitiers	Francia	1 semana
1	University of California, Berkeley	EEUU	1 semana
Mestrado Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética			
1	Universidad de Murcia	España	1 semana
1	University of Victoria	Canadá	2 semanas
Mestrado Universitario en Língua e Usos Profesionais: Español, Galego e Inglés			
1	Centre for Science and Technology Studies. Leiden University	Holanda	2 semanas
1	Universitat de Valencia	España	1 semana

Cadro 184 (continuación) **Estadías na UDC de profesorado visitante con financiamento do Ministerio de Educación en 2010-2011**

Centro de Linguas

Durante o curso académico 2010-2011 o número de persoas matriculadas no Centro de Linguas foi de 2.595, o que supón un **incremento dun 25,72% con respecto ao ano anterior e dun 118,25% con respecto ao seu primeiro ano de funcionamento (curso 2005-2006)**. Este considerable incremento, malia a difícil situación económica pola que atravesamos, constitúe un bo indicador da consolidación do Centro de Linguas nesta Universidade e nesta cidade como espazo dedicado ao ensino-aprendizaxe de linguas.

Durante este sexto ano, os esforzos seguíronse concentrando nas linguas europeas máis útiles para a nosa comunidade universitaria, ben pola súa importancia internacional e científica, ben pola importancia estratéxica xerada polas relacións de veciñanza. Xa que logo, organizáronse cursos de diferentes niveis de alemán, francés, inglés, italiano e portugués.

Ademais, desde o convencemento pleno de que coñecer outras linguas e culturas pode contribuír a un mellor entendemento entre os individuos e os pobos, o Centro de Linguas tamén atendeu á difusión do noso patrimonio lingüístico e cultural entre estudantes e profesores estranxeiros. O Centro de Linguas, en colaboración cos departamentos de español e galego, organizou cursos para difundir entre o público estranxeiro

o galego e o español. Atendéronse así as necesidades lingüísticas de todos os que participaron en programas de mobilidade durante o curso académico 2010-2011: estudantes do programas Erasmus e Leonardo da Vinci, e do programa de intercambio entre o College of the Holy Cross e a Universidade da Coruña.

Durante este ano organizáronse catro series de cursos:

- **Cursos de outono** (de mediados de outubro a mediados de decembro)
- **Cursos de inverno** (de mediados de xaneiro a mediados de marzo)
- **Cursos de primavera** (de mediados de abril a mediados de xuño)
- **Curso de verán** (no mes de xullo)

Ofertáronse cursos regulares de cinco linguas estranxeiras (alemán, francés, inglés, italiano e portugués) cunha duración de 30 horas lectivas.

As clases dos cursos regulares no Centro de Linguas duran dúas horas, que comprenden dúas unidades lectivas (52 minutos) máis unha pausa, de oito minutos por cada hora, que habitualmente se acumulan nun único descanso no medio de 15/16 minutos.

Ademais dos cursos regulares, o Centro de Linguas ofreceu cursos de conversación, de 15 horas lectivas, de inglés, francés e alemán.

Organizáronse catro cursos de inglés de 40 horas de duración para estudantes Leonardo da Vinci.



Realizáronse dúas quendas de cursos de español e de galego para estudantes Erasmus. A primeira fíxose entre setembro e decembro de 2010 e ofertáronse cursos intensivos de distintos niveis de español e de galego, cunha duración de 30 horas lectivas. A segunda queda tivo lugar en entre os meses de febreiro e maio de 2011 e nela tamén se impartiron cursos dos dous idiomas.

Por outra banda, en xullo organizouse, en colaboración co Centro de Formación de Profesorado do Instituto Cervantes, un curso intensivo (25 horas) de ensino de linguas: *Introdución ao ensino de linguas estranxeiras*. Igual que o ano anterior, encargáronse da dirección e da coordinación deste curso o director e a secretaria académica do Centro de Linguas respectivamente e da súa impartición, os profesores Ernesto Martín Peris (Universitat Pompeu Fabra) e Carme Arbonés (Universitat de Barcelona). Asistiron 35



persoas, fundamentalmente licenciados en Filoloxía e estudantes de segundo ciclo. Cómpre salientar que este curso contou co financiamento da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais, de tal xeito que se puido financiar, total ou parcialmente, a matrícula dos sete asistentes vinculados á Universidade da Coruña.

Exames


Desde o curso 2008-2009 o Centro de Linguas é centro examinador do IELTS (*International English Language Testing System*), un sistema que incorpora as tendencias máis recentes en avaliación lingüística, froito da colaboración entre Cambridge ESOL, British Council e IDP-Education-IELTS Australia. O resultado do exame preséntase nunha puntuación única, de cero a nove, que integra as catro destrezas (comprensión oral, comprensión lectora, expresión oral e expresión escrita). Está recoñecido como válido para acreditar o nivel de inglés por todas as universidades de Gran Bretaña, Australia, Nova Zelandia e outras moitas noutros lugares, así como por numerosas empresas. Por iso, máis dun millón de persoas en todo o mundo se presentan cada ano a este exame, recoñecido por máis de 1.200 institucións nuns 120 países.



Cadro 185 Estudantes matriculados no Centro de Linguas en 2010-2011



Cadro 186 Estudantes de linguas estranxeiras en 2010-2011



Cadro 187 Estudantes de linguas estranxeiras por campus en 2010-2011